



PROGRAMACIÓNS DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

**CEIP PLURILINGÜE VICENTE OTERO
VALCÁRCEL
CURSO 2023 – 2024**

ÍNDICE

PROGRAMACIÓN DA MESTRA ESPECIALISTA DE PT LIDIA BELLO (PRAZA DEFINITIVA NO CENTRO)	3
Xustificación	3
Obxectivos	4
Alumnado	4
Horario	4
Metodoloxía	5
Recursos	5
Contribución ás competencias clave:	5
PROGRAMACIÓN DA MESTRE ESPECIALISTA DE PT SABELA PASTORIZA INFANTE (PRAZA PROVISIONAL NO CENTRO) - VÍCTOR CAAMAÑO HUELIN (MESTRE SUBSTITUTO)	7
1. INTRODUCCIÓN	7
2. FUNCIÓNS DO MESTRE ESPECIALISTA DE PT	8
3. ALUMNADO ATENDIDO	9
4. OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS	10
5. COMPETENCIAS BÁSICAS	11
6. ORGANIZACIÓN DOS APOIOS	11
7. METODOLOXÍA E RECURSOS	12
8. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPORALIZACIÓN	13
9. COORDINACIÓN	13
10. AVALIACIÓN	14
PROGRAMACIÓN DO MESTRE ESPECIALISTA DE PT EMILIO MANUEL GONZÁLEZ (PRAZA EN COMISIÓN DE SERVIZO ATENCIÓN PREFERENTE)	15
1. INTRODUCCIÓN	15
2. ACTIVIDADE DOCENTE	16

3. FUNCIONES	17
3. OBXECTIVOS	19
4. ACTIVIDADES	22
5. RECURSOS DIDACTICOS	23
6. ORGANIZACION	24
7. METODOLOGIA	27
8. CRITERIOS A SEGUIR NA ELABORACION DOS HORARIOS	28
9. AVALIACION	29
10.CONTRIBUCION AOS PLANS DO CENTRO	30
11.CONSIDERACIONES FINAIS	30

Programación da mestra especialista de PT Lidia Bello (Praza definitiva no centro)

Xustificación

A equidade é un principio básico na lexislación educativa recollida en diferentes textos legais. Así aparece tamén na actual LOMLOE onde sinala que *“a equidade garante a igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento a través da educación, a inclusión educativa, a igualdade de dereitos e oportunidades, para superar calquera discriminación e a accesibilidade universal á educación que actúe como elemento compensador de desigualdades (...)”*. Así, dedica o título II á equidade en educación.

A/o mestra/e de Pedagogía Terapéutica é un recurso fundamental para a atención á diversidade do alumnado. O *Decreto 229/2011 polo que se regula a atención á diversidade* sinala que a actuación do mestre de PT é una medida extraordinaria e que se aplicará unha vez tomadas as medidas ordinarias pertinentes (art. 8 e 9)

- a) adecuación e xestión da aula ás características do alumnado;
- b) adecuación das programacións didácticas;
- c) metodoloxías baseadas no traballo colaborativo,
- d) titorías entre iguais, aprendizaxe por proxectos;
- e) adaptación de tempos, instrumentos e/ou procedementos de avaliación;
- f) desdobramentos de grupos;
- g) reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria;
- h) programas: de enriquecemento, reforzo, recuperación, personalizados, de habilidades sociais....

Tendo en conta o anterior podemos sinalar algunhas funcións a desenvolver:

-en relación co centro (como parte do departamento de orientación o mestre de PT colabora e participa na organización horaria do alumnado con nee),

-en relación co profesorado (prestarase colaboración e orientación ao profesorado na búsqueda de metodoloxías, materiais e recursos para o traballo directo co alumnado procurando o seu desenvolvemento integral),

-en relación coas familias (prestarase orientación e participación nas diferentes titorías onde sexa solicitado así como atención individualizada cando sexa preciso co coñecemento do titor/a do alumno así como do DO),

-en relación co alumnado (ademais da atención directa intentarase a inclusión na aula ordinaria e no centro participando nas diferentes actividades).

As funcións aparecen legalmente recollidas na *Orde do 8 de setembro de 2021, polo que se regula a atención á diversidade*, artigo 57:

- Colaborar coa Xefa do DO na organización da docencia de apoio.
- Prestar atención directa (especialmente ao alumnado con nee, excepcionalmente a outro alumnado con necesidade específica de apoio educativo).
- Elaborar os programas de intervención seguindo a orientación e asesoramento da Xefa do DO.
- Planificar e desenvolver actuacións e medidas para a inclusión de todo o alumnado.
- Asistir as reunións de avaliación.
- Elaborar, ao final de curso, un informe individual.
- Outras funcións referidas á inclusión, orientación e atención á diversidade.

Obxectivos

Os obxectivos a desenvolver son os propios das etapas de Educación Infantil e Primaria. Os obxectivos individuais para cada alumnado veñen recollidos nos documentos de ACI e nos programas de intervención.

Alumnado

Serán obxecto de atención directa por parte da mestra de PT o alumnado avaliado e derivado pola xefa do departamento de orientación. Trátase de alumnado dende Educación Infantil hasta 6º de Educación Primaria.

Horario

A elaboración dos horarios será flexible e farase en colaboración cos titores dos alumnos, seguindo as directrices da Xefa do DO, en coordinación coa Xefa de estudos tendo en conta tamén o horario das Mestras de AL. Intentarase a distribución das sesións ao longo da semana intentando ofrecer unha atención o máximo horario.

Metodoloxía

Resulta imposible sinalar o uso dunha metodoloxía única e exclusiva o que si é importante e seguir uns principios básicos (a inclusión, a individualización, o protagonismo, a motivación...).

Recursos

A atención do alumnado con nee require o uso de materiais moi variados, o simple libro de texto resulta ás veces demasiado abstracto e dificulta as aprendizaxes. Por este motivo requírese o uso de materiais de ampliación e reforzo (caderniños e tarefas elaboradas). Ademáis precísase o uso de recursos tanto propios do entorno (reloxo, balanza, tablet, ordenador, calculador...) como recursos elaborados e/ou adaptados.

Contribución ás competencias clave:

Coa finalidade de obter un desenvolvemento íntegro do alumnado e optimizar ao máximo as súas capacidades, facilitando en todo momento a participación do alumno nas situacións educativas normalizadoras, teránse en conta as seguintes competencias básicas:

1. Competencia lingüística: Desenvólvese de forma directa xa que se favorece o uso da linguaxe tanto oral como escrito, facendo fincapé na interpretación da realidade, a propia comunicación e a regulación do pensamento e a conduta. Desenvolveremos esta competencia mediante lecturas de textos sobre situacións reais, acompañados con preguntas de comprensión lectora, presentarnos, describir a alguén ou a nós mesmos de forma oral e escrita, do mesmo xeito que expresar sentimentos e experiencias, escribir unha carta e aprender a envíala na oficina de Correos ou a través do correo electrónico, ...

2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía: Desenvólvese a través do uso dos números e operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión do razoamento matemático para producir e interpretar informacións e para resolver problemas relacionados coa vida diaria.

3. Competencias sociais e cívicas: Entendida como aquela que permite vivir en sociedade, comprender a realidade social do mundo en que se vive e exercer a

ciudadanía democrática e favorecer a comprensión dos sucesos e a predición das consecuencias que ocorren na contorna. Esta competencia abordarémola sobre todo encamiñada cara á adquisición de valores como falar con respecto e sen gritar, utilizar a mediación para resolver conflitos entre compañeiros, respectar e comprender as características das diferentes culturas e razas e valorar, coidar a nosa contorna, así como axudar e ser xeneroso cos demais.

4. Competencia dixital: Foméntase a habilidade para buscar, obter, procesar e comunicar a información e transformala en coñecemento, incluíndo a utilización das TIC como un elemento esencial para informarse e comunicarse. Realizaremos traballos nos que teña que buscar información, comprendela e expresala aos demais.

5. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor: Competencia social e cidadá: Desenvólvese a través das propias relacións sociais, pautas de comportamento e establecementos de normas. A participación nas diferentes actividades do centro tamén favorece o desenvolvemento desta competencia.

6. Conciencia e expresións culturais: Apreciar, comprender e valorar críticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de gozar e enriquecemento persoal e consideralas como parte do patrimonio cultural dos pobos.

7. Competencia aprender a aprender: Favorecendo o desenvolvemento comunicativo do alumnado estamos a darlles unha ferramenta fundamental para a aprendizaxe das demais áreas, procurando cada vez máis a súa autonomía nas aprendizaxes e na expresión das súas necesidades.

O ser consciente das súas propias capacidades e limitacións favorece o acceso ás novas aprendizaxes. A aprendizaxe das técnicas de estudo favorecerá dita competencia.

8. Competencia para a autonomía e iniciativa persoal: Favorecer a posibilidade de optar a un criterio propio e espírito crítico e levar a cabo as iniciativas necesarias para desenvolver a opción elixida e facerse responsable dela. Capacidade emprendedora para idear, planificar, desenvolver un proxecto.

Conclúe esta programación cun parágrafo de Navarro Rodríguez A. e Morillo García M.C. "Programación anual de aula de Pedagogía Terapéutica":

“Programar é unha necesidade básica na atención do alumnado. Permítenos trazar o camiño que queremos transitar, permítenos ter sempre presente o lugar ao que queremos chegar. Programar permítenos traballar de forma segura, fuxindo da improvisación, lémbraños que non traballamos con discapacidades, senón con nenas e nenos con outras capacidades que encerran mundos enteiros por descubrir. Cada neno/a é único e especial, á marxe de como vexa, como escoite, como pense, como ande, como sinta. Absolutamente todos, deben atopar na escola unha guía que procure o seu máximo desenvolvemento e, en definitiva, a súa felicidade. O primeiro paso para que isto sexa real, é CRER QUE É POSIBLE”.

Lidia Bello Novo

Mestra de Pedagogía Terapéutica

Programación da mestre especialista de PT Sabela Pastoriza Infante (Praza provisional no centro) - Víctor Caamaño Huelin (Mestre substituto)

1. INTRODUCCIÓN

O Sistema Educativo defende os principios de equidade e inclusión. Por este motivo, os centros educativos deben dispoñer dos recursos necesarios para atender á diversidade. Entendéndose a atención á mesma, segundo a *Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de educación*, como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

En relación destacar que a *Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación*, establece como alumnado con necesidade específica de apoio educativo a aquel que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe

e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar.

Enténdese por alumnado con necesidades educativas especiais a aquel alumnado que afronta barreiras que limitan o seu acceso, presenza, participación ou aprendizaxe derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conduta da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.

2. FUNCÍONS DO MESTRE ESPECIALISTA DE PT

Actualmente, a Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece que as funcións dos mestres especialistas de PT son as que se recollen a continuación:

- a) Colaborar coa xefatura do departamento de orientación na proposta de organización da docencia de apoio.
- b) Prestar atención docente directa ao alumnado indicado no punto 1 deste artigo, segundo a proposta de distribución da docencia do profesorado de apoio realizada pola xefatura do departamento de orientación á xefatura de estudos e autorizada pola dirección do centro docente. Esa atención en ningún caso substituirá a do profesorado titor nin a do profesorado que imparta as áreas ou materias nas que o alumnado reciba o apoio.
- c) Elaborar os programas de intervención para o alumnado que atende, segundo as directrices recollidas no Plan xeral de atención á diversidade, en colaboración co profesorado da área ou da materia que corresponda e segundo a orientación e o asesoramento da xefa ou do xefe do departamento de orientación.

d) Colaborar, de ser o caso, na elaboración das adaptacións curriculares do alumnado que atende, así como no seguimento e na avaliación delas.

e) Participar na planificación e no desenvolvemento das actuacións e das medidas que favorezan a inclusión da diversidade do alumnado.

f) Asistir ás sesións de avaliación do alumnado que atende, con voz e sen voto.

g) Elaborar, ao finalizar o curso escolar, un informe individual de cada alumna ou cada alumno ao que prestara apoio, coordinado pola xefatura do departamento de orientación e segundo o modelo facilitado polo departamento de orientación, que se incluírá no seu expediente.

h) Aqueloutras funcións que a Administración educativa, dentro do ámbito das súas competencias, lle poida asignar referidas á inclusión, á orientación e á atención á diversidade.

Con todo, cabe resaltar que as funcións como mestres especialistas e como membros do Departamento de Orientación tamén aparecen recollidas no *Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o regulamento orgánico dos centros de educación infantil e de educación primaria*, no *Decreto 120/1998, do 23 de abril polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia* e na *Orde do 24 de xullo* que desenvolve dito decreto.

3. ALUMNADO ATENDIDO

O alumnado atendido polo especialista de PT poderá ser tanto do segundo ciclo de Educación Infantil como de toda a etapa de Educación Primaria, sempre que o alumnado sexa derivado pola xefatura do DO. No momento da realización desta programación, a distribución do alumnado atendido por aula é a seguinte:

No CEIP Plurilingüe Vicente Otero Valcárcel:

1 alumno de 1ºA

1 alumno de 2ºA

2 alumnos/as de 2ºB

1 alumno de 2ºC

3 alumnos de 4ºB

2 alumnos/as de 4ºC

4 alumnos/as de 6ºC

No CEIP de Tabeaio:

1 alumno de 2º

Total alumnado: 15 alumnos/a

Polo xeral, a casuística atendida corresponde a: NEE, TDAH, dificultades específicas de aprendizaxe, altas capacidades intelectuais, alumnado en situación de especial vulnerabilidade ou por condicións persoais e de historia escolar con desfase curricular.

4. OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS

- **Obxectivos xerais**

- Favorecer a inclusión e socialización do alumnado dentro do grupo e do centro.
- Acadar o desenvolvemento cognitivo, motor, lingüístico e social do alumno/a.
- Adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe ás características persoais de cada neno/a.
- Desenvolver e afianzar as aprendizaxes básicas.
- Participar na elaboración, seguimento e avaliación das Adaptacións Curriculares.
- Participar na elaboración dos horarios dos alumnos/as con NEAE.
- Participar nas diferentes sesións de avaliación.
- Observar o progreso do alumno/a e avaliar a súa evolución en colaboración cos mestres/as que lle imparten docencia.
- Coordinarse cos mestres/as que atenden ao alumnado con NEAE para manter unha liña común de actuación e ofrecer pautas de actuación.
- Informar e asesorar ás familias sobre aspectos relacionados co proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado.
- Coordinarse, a través da xefatura do DO, cos diferentes recursos externos que atendan ao alumnado atendido.

- **Obxectivos específicos**

- Potenciar o desenvolvemento dos procesos cognitivos básicos: atención, imitación, memoria, razoamento...
- Adquirir uns hábitos de autonomía que lle permitan desenvolverse na vida diaria, así como no traballo na súa aula e no centro.
- Desenvolver habilidades sociais e de interacción.

- Favorecer a adquisición das aprendizaxes instrumentais básicas.
- Mellorar as habilidades comunicativo lingüísticas.
- Mellorar e afianzar a competencia lecto-escritora.
- Adquirir e afianzar o dominio das operacións aritméticas básicas, resolución de problemas e razoamento lóxico.
- Acadar técnicas e hábitos de estudo.
- Fomentar a motivación e autoestima do alumnado.
- Acadar os obxectivos establecidos nas Adaptacións Curriculares, de ser o caso.

5. COMPETENCIAS BÁSICAS

Como mestre especialista en PT, incidirase nas seguintes competencias:

- **A Competencia en comunicación lingüística:** potenciaranse as capacidades comunicativo lingüísticas e incidirase nas dificultades relacionadas coa linguaxe.
- **A competencia dixital** traballarase a través do uso das TICS.
- **A Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** será traballada a través de actividades de razoamento lóxico-matemático, lectura comprensiva de problemas, conceptos espazo-temporais...
- **A competencia social e cívica** será reforzada mediante o traballo de aspectos pragmáticos e as habilidades sociais.
- **A conciencia e expresións culturais** traballarase mediante o achegamento do alumnado ás dúas linguas e concienciando da riqueza da diversidade cultural.
- **A competencia aprender a aprender** refórzase a través de pautas para identificar problemas, procedementos para resolvelos e a propia execución e resolución dos mesmos.
- **O sentido da iniciativa e espírito emprendedor** poderá desenvolverse deixando decidir ao propio alumno/a, fomentar intentos de autonomía...

6. ORGANIZACIÓN DOS APOIOS

Os apoios organizaranse tendo en conta as casuísticas persoais do alumnado e os criterios establecidos polo Departamento de Orientación.

Os apoios realizaranse polo xeral dentro da aula ordinaria, aínda que poderán ser fóra en momentos puntuais no que o alumnado precise dun apoio máis

individualizado. Ademais, tomaranse como referencia os obxectivos e contidos do curso de referencia ou, de ser o caso, da súa Adaptación Curricular.

7. METODOLOXÍA E RECURSOS

A **metodoloxía** empregada tomará como punto de partida os coñecementos previos do alumnado, o contexto no que se atopa e os seus intereses persoais. Isto ten como obxectivo que sexa unha aprendizaxe significativa e que se axuste á realidade na que se atopa o alumnado, favorecendo así a participación activa e o aumento da motivación.

Os tempos estarán adaptados en función dos ritmos de aprendizaxe de cada alumno/a. Ademais, empregarase constantemente o reforzo positivo e se lle proporcionará ao alumnado situacións que fomenten sensacións de éxito.

En canto ás actividades hai que destacar que estarán graduadas en función da dificultade das mesmas, secuenciaranse en pasos máis pequenos e poderán contar con diferentes apoios (visuais, verbais...) en función das necesidades xurdidas.

No que fai referencia aos **recursos**, estes poden clasificarse en recursos persoais e recursos materiais.

- **Recursos persoais:** distínguense entre recursos persoais internos e recursos persoais externos ao centro. Nos recursos persoais internos hai que destacar aos titores/as dos diferentes grupos, o equipo docente de área, unha mestra de PT definitiva, un mestre de PT substituto nunha praza provisional, un mestre de PT en comisión de atención preferente, unha mestra de AL definitiva a tempo completo, unha mestra de AL provisional itinerante e a xefa do DO.

En canto aos recursos persoais externos, atópanse principalmente: o EOE, a ANPA, o Concello, o Servicio de Atención Temperá deste último e gabinetes privados aos que acuda o alumnado.

- **Recursos materiais:** neste tipo de recursos, os máis empregados nas sesións de PT serán os seguintes:
 - Material impreso e fotocopiado: de lectura, escritura, gramática, ortografía, operacións aritméticas, resolución de problemas...
 - Material funxible
 - Libros de lectura

- Material elaborado polo propio mestre en función das necesidades xurdidas.
- Material manipulativo para traballar contidos matemáticos: ábaco, ABN, regletas...
- Material manipulativo para traballar motricidade: area, pinzas...
- Xogos de mesa
- Pizarra
- Recursos TICs: ordenador, tablet, apps...

8. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPORALIZACIÓN

No CEIP Plurilingüe Vicente Otero Valcárcel contamos con dúas aulas de AL e unha aula de apoio, ademais de ter habilitado o espazo Maker para poder atender dun xeito máis cómodo cando coincidan dous mestres ou máis na aula de apoio na mesma hora.

Ademais, levarase a cabo unha itinerancia no CEIP de Tabeaio durante 3 sesións semanais, repartidas en dous días diferentes. Este centro unicamente conta con unha aula de EI, unha aula de EP, e unha biblioteca. As sesións de PT nese centro levaranse a cabo a maioría do tempo na biblioteca, ademais de utilizar o espazo exterior en algunhas ocasións.

A presente programación desenvolverase durante o curso académico 2023/2024. As intervencións que se leven a cabo co alumnado serán flexibles, podendo ser modificadas e revisadas en función dos resultados das avaliacións que se levarán a cabo con cada alumno/a, motivado polo ritmo da evolución dos aspectos traballados así como, pola detección de novas necesidades.

As sesións no CEIP Plurilingüe Vicente Otero Valcárcel serán de xeito xeral de 50 minutos, e no CEIP de Tabeaio de 60 minutos cada unha.

9. COORDINACIÓN

Neste apartado hai que facer referencia especialmente á coordinación cos diferentes mestres/as do centro educativo, co Departamento de Orientación e coas familias do alumnado.

En canto á coordinación cos diferentes mestres/as do centro, mencionar que se levarán a cabo diferentes reunións ao longo do curso para seguir unha mesma liña de actuación co alumnado atendido e comprobar o grao de consecución de obxectivos. Esta coordinación poderá levarse a cabo os luns pola tarde, se o horario o permite, e nas diferentes sesións de avaliación.

No que respecta á coordinación do Departamento de Orientación, as reunións deste departamento (xefatura do DO e mestres/as especialistas de AL e PT) terán lugar todos os luns en horario de 15:30 a 16:30 horas. Estas reunións serán clave para comentar a evolución do alumnado atendido e facer unha posta en común no caso do alumnado compartido coas especialistas de AL. Ademais, unha vez ao mes a reunión contará tamén cos mestres/as coordinares/as dos ciclos.

No caso da coordinación coas familias, esta será polo xeral a través dos titores/as do alumnado atendido ou ben en reunións conxuntas. Ademais, tamén se poderá estar en contacto coas mesmas por correo electrónico, teléfono ou outro medio que se considere oportuno. Cabe destacar que esta coordinación é fundamental para recoller información do alumnado, informar á familia sobre o proceso de ensino-aprendizaxe do alumno/a en cuestión, ofrecer pautas de actuación....

Por último, no caso de que un alumno ou alumna asista a un recurso externo (gabinetes, servizo de atención temperá...) tamén se poderá levar a cabo reunións periódicas para informar dos avances do alumnado, das dificultades, dos obxectivos a traballar...

10. AVALIACIÓN

A avaliación que se vai a levar a cabo co alumnado parte do programa de intervención individual de cada alumno/a.

Esta avaliación é continua, pois permite ser modificada ao longo do curso en función dos logros e dificultades que presente o alumno/a en cuestión.

Levarase a cabo unha avaliación inicial, pois é fundamental para establecer o punto de partida no que se atopa o alumno/a e poder elaborar o programa de intervención. Cabe destacar que tamén é de especial importancia a información recollida no informe psicopedagóxico de cada alumno/a.

Ao longo do curso, nas diferentes sesións, recolleranse datos relevantes sobre dificultades presentes, logros, axuda prestada... Todo isto coa finalidade de ir adaptando as sesións e os obxectivos a traballar ás características do alumno/a.

Por último, elaborárase un informe final de cada alumno/a no que se recolla o grao de consecución dos obxectivos propostos, a valoración das medidas levadas a cabo e indicando a evolución de todo o curso.

Ademais, tamén neste momento se elaborará unha memoria final de PT que formará parte da memoria anual do Departamento de Orientación.

Por último, destacar que os principais instrumentos empregados para avaliar a evolución do alumnado son:

- Observación directa nas sesións.
- Análise das producións.
- Recollida de datos sobre axudas empregadas, dificultades presentes, logros..

Víctor Caamaño Huelin
Mestre de Pedagogía Terapéutica

Programación do mestre especialista de PT Emilio Manuel González (Praza en comisión de servizo atención preferente)

1. INTRODUCCIÓN

O meu traballo como mestre de pedagogía terapéutica vai estar centrado nas necesidades específicas de apoio educativo xa existentes no propio caso de atención preferente, pero tamén no resto do alumnado do centro asinado; así como outras que poidan xurdir ao longo do curso para as cales intentarei prestar asesoramento e formación a toda a comunidade educativa. Neste curso 2023/2024 continúo, por sexto ano, unha comisión de atención preferente para un estudante con NEE co cal intervirei tanto dentro como fóra da aula a tempo completo. Dito alumno está en modalidade combinada de escolarización entre un centro de educación especial (dous días) e o resto de días no centro ordinario. Nos dous días atenderase a outros alumnos e alumnas con necesidades específicas de apoio educativo; e tamén nas

tres sesión que dito estudante de atención preferente reciba apoio por parte da mestra de audición e linguaxe.

A nova LOMLOE (Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación), modifica o termo NEAE, o cal inclúe, alumnado que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

Dentro do alumnado con NEAE, enténdese por alumnado que presenta necesidades educativas especiais (NEE), aquel que afronta barreiras que limitan o seu acceso, presenza, participación ou aprendizaxe derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conduta da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.

2. ACTIVIDADE DOCENTE

A miña actividade docente consistirá principalmente en:

- Prestar atención docente directa a tempo completo ao alumno de atención preferente, tanto dentro como fóra da aula ordinaria.
- Ofrecer asesoramento educativo ao profesorado, en especial, sobre alumnado que presenta NEAE tanto permanentes como temporais das diferentes aulas.
- Adoptar as medidas oportunas, dentro e/ou fóra da aula ordinaria, establecidas e consensuadas polo Departamento de Orientación (DO).

- Coordinarse cos/as mestras/es titores/as, co DO e co resto de docentes, e demais profesionais; co fin de manter unhas liñas de actuación comúns.
- Colaborar cos diferentes docentes na realización de AC ou outras medidas de atención á diversidade e o seu correspondente seguimento, así como na adaptación de proxectos do centro en relación aos principios de inclusión, non discriminación, igualdade de oportunidades e normalización.
- Manter o contacto e realizar entrevistas periódicas coa familia e outros servizos (de ser o caso) para intercambiar información sobre o seu desenvolvemento educativo e persoal e asesórala axeitadamente.
- Cooperar naqueles aspectos do centro que vaian en beneficio da atención á diversidade de todo o alumnado.
- Aproveitar os recursos, medios e materiais dos que dispón o centro para favorecer o proceso de ensino-aprendizaxe de todo o alumnado.
- Facilitar, na medida das posibilidades, en dotar á aula de apoio e ordinarias ou calquera espazo do centro de materiais axeitados ás necesidades existentes.
- Contribuír ao desenvolvemento das competencias clave do alumnado; e no caso de AC, axudar na súa elaboración, seguimento e avaliación

A partires das programacións de cada nivel de cada titor/a, intentaremos garantir que o alumnado intervido alcance o grao mínimo de consecución en función dos criterios de avaliacións destacados en ditas programacións, para iso comprométome a organizarme e coordinarme cos diferentes docentes para alcanzar dito propósito e en facilitar instrumentos e opinións para a súa avaliación.

3. FUNCÍONS

Segundo o Decreto 374/96 (art. 84) e a Orde do 24 de xullo de 1998 (art. 7), pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na CA de Galicia, os docentes especialistas en PT e AL exerceremos as nosas funcións en todas as etapas educativas que se impartan no centro e desenvolveremos, ademais das que nos competen como membros do DO (Orde do

24 de xullo de 1998; art. 10) sen embargo, coa publicación da Orde do 8 de setembro de 2021 (art. 57) estas quedan redactadas do seguinte xeito:

- a) Coordinar, colaborar coa XDO na proposta de organización da docencia de apoio.
- b) Prestar atención docente directa ao alumnado indicado no punto 1 deste artigo, segundo a proposta de distribución da docencia do profesorado de apoio realizada pola XDO á XE e autorizada pola dirección do centro docente. Esa atención en ningún caso substituirá a do profesorado titor nin a do profesorado que imparte as áreas ou materias nas que o alumnado recibe o apoio.
- c) Elaborar os programas de intervención para o alumnado que atende, segundo as directrices recollidas no PXDA, en colaboración co profesorado da área ou da materia que corresponda e segundo a orientación e o asesoramento da XDO.
- d) Colaborar, de ser o caso, na elaboración das adaptacións curriculares do alumnado que atende, así como no seguimento e avaliación.
- e) Participar na planificación e desenvolvemento das actuacións e medidas que favorezan a inclusión da diversidade do alumnado.
- f) Asistir ás sesións de avaliación do alumnado que atende, con voz e sen voto.
- g) Elaborar un informe individual de cada alumna/o ao que prestou apoio, coordinado pola XDO e segundo o modelo facilitado polo departamento de orientación, e que se incluírá no seu expediente. Anexo V.
- h) Aquelas outras funcións que a Administración educativa, dentro do ámbito das súas competencias, lle poida asignar referidas á inclusión, á orientación e á atención á diversidade.

3. OBXECTIVOS

Os obxectivos a traballar, e tendo sempre en conta os obxectivos que figuran nas correspondentes programacións do ciclo no que estean integrados, e nas súas adaptacións curriculares. Priorizarase:

1. Alcanzar un mínimo de autonomía persoal, con aprendizaxes funcionais e metodoloxía individualizada que posibiliten unha resposta, o máis axeitada ás vivencias que o medio lle proporciona.
2. Potenciar o seu número de experiencias, buscando a adquisición dun modelo de comunicación funcional co seu contorno e que permita o intercambio de información básica para actividades da vida diaria.
3. Traballar a nivel basal as diferente áreas do desenvolvemento: motora, comunicativa, social e cognitiva; coa fin de favorecer ao seu proceso de maduración e interacción co medio que lle rodea.
4. Elevar o seu proceso de inclusión co resto do centro e comunidade próxima concienciando sobre a importancia da atención á diversidade.
5. Coordinarse e colaborar coa mestra titora, co DO e co resto de profesorado, e demais profesionais e persoas da comunidade, coa fin de manter unhas liñas de actuación comúns.
6. Favorecer a súa personalidade, posibilitando a adquisición dun modo de comunicación positivo co contorno, admitindo e respectando as normas sociais establecidas.
7. Desenvolver o seu potencial cognitivo favorecendo as situacións de aprendizaxe que lle permitan acadar o nivel propio da idade, principalmente en relación coas técnicas instrumentais básicas e, en especial, garantindo o desenvolvemento das competencias clave.

E de xeito xeral co resto do alumnado:

1. Asegurar unha adecuada intervención para que todos os menores acaden un desenvolvemento integral.
2. Facilitar ao alumnado: actuacións, medidas e estratexias de aprendizaxe que lle permitan assimilar os contidos curriculares.

3. Desenvolver nos menores actitudes de respecto e estima, tanto no que compete aos demais como a eles mesmos.
4. Fortalecer a implicación do entorno no proceso de ensinanza-aprendizaxe.
5. Fomentar o intercambio eficaz de información entre todos os axentes educativos.
6. Potenciar e colaborar nunha óptima relación familia-escola.
7. Promover unha maior colaboración e boa preparación do profesorado do centro.
8. Optimizar os recursos existentes, coordinando as intervencións dos distintos profesionais.
9. Mellorar a resposta ofrecida ás distintas necesidades educativas de todo o alumnado.

3.1. OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA (SEGUNDO A ADAPTACIÓN CURRICULAR)

- a. Interactuar coas normas sociais máis básicas (saúdos, despedidas,...) e intentar participar en diferentes situacións co grupo-clase (escoita, xogo guiado,...).
- b. Desenvolver a iniciativa, a curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.
- c. Adquirir habilidades de prevención para desenvolverse con autonomía (identifica situacións e obxectos perigosos, por exemplo: escaleiras, desniveis,..)
- d. Recoñecerse a si mesmo no espello e/ou fotografías.
- e. Afondar no coñecemento do sistema alternativo/aumentativo de comunicación (PECS) e ir coñecendo o maioritario.
- f. Adquirir nocións moi básicas e cotiás que desenvolvan a súa competencia comunicativa (a través de vocalizacións, imaxes e/ou signos) e a súa comprensión (sentarse, levantarse, ven, toma,...).
- g. Concienciar sobre situacións que requiran iniciarse en operacións lóxico-matemáticas relacionadas co tempo e o espazo (anticiparse no tempo e coñecer dependencias do centro e contorna máis próxima).

- h. Experimenta cos aspectos máis fundamentais de si mesmo e do entorno para obter información e vivenciar experiencias.
- i. Iniciarse, de xeito guiado, na aprendizaxe das tecnoloxías da información e da comunicación.
- j. Utilizar diferentes expresións artísticas e gozar de propostas visuais e audiovisuais.
- k. Tomar conciencia do seu esquema corporal, explorando as súas capacidades e limitacións, así como, demandar funcións básicas de hixiene, comida e bebida (a través de signos, miradas, imaxes e/ou vocalizacións/palabras).
- l. Descubrir e explorar os elementos da contorna máis próximas ao ser humano e a súa realidade (animais, plantas, ...).
- m. Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas.
- n. Iniciarse na prevención de riscos no seu día a día.
- o. Participar, con axuda, en experiencias co seu grupo de iguais e na súa contorna.

4. ACTIVIDADES

As actividades didácticas programadas poden clasificarse atendendo a diferentes criterios, algúns exemplos son:

❖ **En función do seu papel na situación específica de aprendizaxe**

- Autonomía, hixiene e bos hábitos.
- Áreas do desenvolvemento
 - Socialización.
 - SAAC.
 - Como motivación ou tema do seu centro de interese.
 - Como reforzo dos contidos e para os/as alumnos/as que requiren apoios complementarios.
 - Como información dun tema concreto.

❖ **En función do agrupamento do alumnado:**

- Individualmente, en pequeno grupo e/ou en gran grupo (sempre respectando os grupos de convivencia).

❖ **En función das áreas:**

- **Linguaxe:**
 - Comprensión e expresión a través dun SAAC (PECS).
 - Que favorezan a lectura, comprensión e expresión verbal.
 - Que favorezan a escritura, comprensión e expresión escrita.
 - Apoiar nos contidos en relación ao seu grupo de referencia.
- **Matemáticas:**
 - Actividades de estruturación espacial e temporal.
 - Situacións de seriación, clasificación, asimilación.
 - Que favorezan a conservación de cantidades, medición de lonxitudes, clasificación e ordenación de obxectos.
 - Que favorezan a comprensión e a resolución de problemas matemáticos e relacionados co ámbito cotiá.
 - Apoiar nos contidos en relación ao seu grupo de referencia.

- **Ciencias sociais e naturais:**
 - Que favorezan o coñecemento de si mesmo/a.
 - Que favorezan o coñecemento e desenvolvemento no medio e cos demais.
 - Apoiar nos contidos en relación ao seu grupo de referencia.
- **Educación artística:**
 - Estimulación dos sentidos (traballo basal).
 - Creatividade.
 - Socialización (dramatización, obradoiros/talleres,...).
- **Educación física e psicomotricidade:**
 - Estimulación basal.
 - Autonomía.
 - Actividades de control do ton muscular.
 - Actividades de relaxación.
 - Actividades de estruturación espacial e temporal.
 - Socialización.

5. RECURSOS DIDÁCTICOS

Para levar a cabo unha axeitada intervención co alumnado con NEAE utilizarase:

- Material que favoreza o desenvolvemento da **atención e memoria**: xoguetes, texturas, telas, TICs, pictogramas, lotería de ideas....
- Material para desenvolver a **percepción temporal**: calendarios, horarios, fotografías, TIC's, secuencias de imaxes....
- Material para desenvolver a **percepción espacial**: o propio centro, maquetas, láminas con relevo, labirintos, ...
- Material que favoreza o desenvolvemento da **linguaxe**: software específico, audio-visuais, fotografías, pictogramas, SAAC (PECS)...
- Material para desenvolver a **lóxica matemática**: figuras, material manipulativo, xoguetes, TICs, ...
- Material para desenvolver a **estimulación sensorial**: texturas, viñetas, audicións, olores, sabores (merenda),...

- Material para desenvolver a **motricidade fina e grossa**: saquiños de area, tacos de plástico, argolas, pelotas, espuma, plastilina, alfombras, pompóns,
- Material para desenvolver a **habilidade e coordinación manual**: punzóns, tesoiras, pinchos, ensartables...
- Material para desenvolver a habilidade, coordinación manual, e **grafomotricidade**: punzóns, tesoiras, pinchos, ensartables...
- Material para **estimulación sensorial**: brochas, líquidos, texturas, espuma, libros sensoriais, luces, caixas musicais, material manipulativo, ...

Utilizaranse igualmente para traballar nos diversos ámbitos mencionados: software educativo, diverso material funxible e a internet como recurso educativo (así como tabletas e outros dispositivos móbiles con hardware adaptado).

6. ORGANIZACIÓN

6.1. Organización do alumnado:

A intervención do mestre de apoio ten que ser flexible, atendendo ás necesidades individuais e en coordinación co resto de profesionais, en especial, coa mestra de audición e linguaxe e auxiliares técnico educativos. O apoio será tanto na aula ordinaria e na aula de apoio, así como en todo o centro e exteriores, e organizando traballo individual dentro e fóra da aula ordinaria segundo aparece recollido nos seus debidos informes psicopedagóxicos e seguindo o establecido no plan xeral de atención á diversidade.

6.2. Temporalización:

- **Primeira fase**

Durante os primeiros días do curso centrarase o traballo en organizar o horario xunto co resto de docentes do centro, en especial co DO, así como a organización axeitada dos espazos e tempos.

Unha vez se poñan en funcionamento, faranse observacións sistemáticas e avaliacións iniciais tanto do alumnado que xa estaba a recibir apoio o curso anterior, coma daquel alumnado que por primeira vez vai recibir apoio (tendo en conta os diferentes ámbitos do desenvolvemento); coa fin de obter un coñecemento directo das peculiaridades que presenta e posibles áreas de prioridade de intervención (colaboraremos na avaliación inicial das titoras/es e elaboraremos probas *ad hoc* propias, principalmente relacionadas coas técnicas instrumentais básicas e o currículo de referencia do curso anterior); dita avaliación xunta coa do profesorado servirá para determinar posibles medidas de atención á diversidade individuais e colectivas como: reforzo educativo, apoio dispoñibilidade horaria, plan específico de reforzo, adaptacións curriculares, agrupamentos flexibles,...

Trala realización das devanditas avaliacións, durante o primeiro trimestre, elaborárase e revisárase os programas de intervención individualizados de cada estudante, sen prexuízo de que poidan ser modificados ao longo do curso, de ser preciso. E colaborarase na revisión e realización das AC e outras medidas de atención á diversidade, en especial, nos plans de recuperación e reforzo no caso de alumnas e alumnos con materias pendentes ou con no promoción, coa idea de superar canto antes ditas dificultades co resto do grupo-aula.

- **Segunda e terceira fase**

A miña tarefa como mestre especialista de PT estará centrada en desenvolver e intensificar o traballo co alumnado, e en relación coas áreas que integran o curso e en consonancia cos obxectivos de desenvolvemento formulados nas programacións dos diferentes mestres. Ao longo de todo o curso actuarei en coordinación co

profesorado titor, especialistas, e membros do DO; así como con outros docentes, profesionais e familias.

Ademais colaborarei no desenvolvemento dos diferentes elementos transversais, conmemoracións, así como actividades complementarias e extraescolares contempladas nas programacións do profesorado, en especial, nos caos onde teña alumnado de intervención directa. Intentarase ofrecer unha perspectiva de reforzo no que corresponde na atención á diversidade coa idea de defender os principios de normalización, inclusión, non discriminación e igualdade de oportunidades.

Por outra banda, trimestralmente elaborárase un informe de avaliación que reflecta os aspectos traballados e a valoración da miña práctica docente para os/as titores/as. Realizaranse anotacións continuas respecto da intervención levada a cabo co/s estudante/s e un diario da súa evolución.

E ao final do terceiro trimestre realizaranse os informes finais de avaliación, que serán individuais, recollerán os aspectos recollidos sobre o estudantado ao longo do curso e en relación as diferentes programacións; e incluírán unha proposta de intervención co alumno/a para o curso seguinte. Estes informes incluíranse no expediente do alumno/a, custodiado polo DO.

○ Coordinación cos distintos membros da comunidade educativa:

- **Coordinación co profesorado e outros profesionais:**

Levaranse a cabo as reunións que sexan necesarias co profesorado e demais profesionais, tanto ao comezo do curso para coñecer a información necesaria para elaborar o programa de actuación de apoio de cada estudante, como ao longo de todo o curso; para analizar e avaliar os progresos do mesmo e valorar posibles modificacións.

- **Reunións coas nais e pais:**

Manteranse contacto periódico coas familias, e atenderase ás súas dúbidas e consultas e intentando asesoralos debidamente para favorecer a súa colaboración cos programas de intervención, a través da hora correspondente a atención a pais e nais e titores legais ou por correo electrónico ou outros medios, segundo valore o profesorado titor.

- **Reunións co Departamento de Orientación:**

Reunións periódicas co DO para informar do traballo realizado con cada estudante e establecer aspectos en común para facilitar a coordinación do traballo en equipo, en especial, coa mestra de Audición e Linguaxe con respecto ao ámbito comunicativo e uso do SAAC (PECS) no caso de atención preferente; ademais de reunións puntuais co centro de educación especial (escolarización combinada), así como outros aspectos relacionados co seu desenvolvemento e proceso de socialización e adquisición de competencias, así como identificación e intervención das necesidades do alumnado.

7. METODOLOXÍA

En canto a metodoloxía, teremos en conta partir de actividades moi significativas e ben estruturadas; cunha presentación moi simple e comprensible. Priorizando as aprendizaxes funcionais, en especial, aquelas que favorezan á súa autonomía, a súa orientación e mobilidade polo centro e a contorna próxima. Utilizaremos programas de estimulación multisensorial para que poidan organizar a estruturación do espazo e do tempo a través dos diferentes sentidos, permitindo anticipar as tarefas e situacións a través dos sons e imaxes. Utilizando técnicas de modificación de conducta que faciliten a adquisición de conductas útiles e a eliminación doutras disruptivas, en especial, relacionadas coa autonomía e a comunicación. A súa vez, tentando organizar unha proposta metodolóxica baseada nunha perspectiva activa, lúdica que permita relacionarse cos seus compañeiros/as e co entorno; utilizando a linguaxe verbal e non verbal (linguaxe corporal e expresión verbal xunto con imaxes)

como un medio de achegar a realidade ao alumno, a través de diferentes SAACs como o PECS.

A metodoloxía atende aos principios de **individualización** e **inclusión**. Segundo o principio de individualización, a intervención levarase a cabo tendo en conta en todo momento as características propias do estudante. Dando por suposto que o desenvolvemento é distinto en cada neno/a, a metodoloxía será flexible e adaptada ao desenvolvemento evolutivo do alumnado e ás súas características persoais. Respetarase, así mesmo, o diferente ritmo de traballo de cada alumno/a.

Segundo o principio de **inclusión** preténdese acadar a participación do alumnado no contorno no que se move co fin de que interiorice normas de conduta e principios de convivencia en situacións cos seus iguais o maior tempo posíbel; e onde todos aprendan de todos e todas.

Para este curso 2023-2024 a ensinanza impartirase de xeito individual e grupal entre outros estudantes, reforzando a autonomía do alumno/a na súa propia aprendizaxe e en relación, nestes casos con maior afectación, teremos en conta o principio de **multisensorialidade**, intentando presentar toda a información a través das canles visual, auditiva e táctil; e participando co resto da comunidade educativa.

8. CRITERIOS A SEGUIR NA ELABORACIÓN DOS HORARIOS

Distribuiranse as sesións de apoio, e non só co profesorado titor, tamén nas distintas especialidades. Nas sesións de apoio dentro da aula a mestra/e titor/a e mestre de apoio coordinaranse de xeito que o horario de reforzo se acomode á área que se vai reforzar segundo o programa de intervención (Linguas, matemáticas ou ciencias), intentando que sexa o máis inclusivo posíbel.

No caso do alumno con atención preferente, contará con apoio continuo por parte do mestre de pedagogía terapéutica, tanto dentro como fóra da aula ordinaria, agás en Audición e Linguaxe e momentos de alimentación, hixiene e/ou lecer; a non ser que sexa necesario por outro motivo; neses casos será atendido polo profesorado

especialista e auxiliares técnicos educativos. Para a elaboración de horarios contemplárase tanto a distribución horaria das diferentes áreas coma as características persoais do alumnado. A mediados do curso 2021-2022, dito alumno comezou unha escolarización combinada cun centro de educación especial durante un día a semana. Neste curso 2023-2024 tense previsto valorar de novo o aumento de datas para ir facilitando a súa transición a unha escolarización completa a dito centro específico.

9. AVALIACIÓN

Avaliaranse o programa de intervención: o grao de adecuación ás características dos estudantes, a organización e distribución da aula dos espazos e materiais e dos horarios, a adecuación dos obxectivos e a metodoloxía, a adquisición das competencias e os métodos e instrumentos de avaliación nos que nos basearemos, principalmente, na táboa de neurodesenvolvemento Haizea-Llevant e o Modelo Denver de atención temperá. Principalmente, utilizaremos a observación de conductas como técnica de avaliación apoiándonos en instrumentos como listas de cotexo e diarios para rexistrar os datos obtidos e valorar a posible evolución.

No resto de casos; ademais da observación poderemos colaborar co profesorado titor para elaborar probas *ad hoc*, autoavaliación, intercambios orais como técnicas de avaliación para comparar os criterios de avaliación e as decisións de cualificación do resto do profesorado. E tendo en conta o estipulado na ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

Avaliarase tamén, a través dos **indicadores de logro** da práctica docente, a colaboración entre PT e os diferentes profesionais de DO e do centro, relación coa familia e contorna social, os recursos cos que contamos... e por suposto avaliarase o seu programa de intervención, de cara a realizar, os axustes que se consideren precisos para os vindeiros cursos.

10.CONTRIBUCIÓN AOS PLANS DO CENTRO

Como docente especialista en pedagogía terapéutica son membro do claustro, do departamento de orientación e da comisión de coordinación pedagóxica polo que comprometo a colaborar no deseño e desenvolvemento dos diferentes plans e documentos de centro, en especial, centrándome en reflexar e garantir a importancia da atención á diversidade nos mesmos.

11.CONSIDERACIÓNS FINAIS

Aclarar que, debido ás características do alumno obxecto de adaptación curricular, trataremos de forma globalizada os elementos prescriptivos modificados en dita adaptación ao longo de todo o curso e en todas as áreas do currículo, xa que serán aspectos que podemos, e debemos, traballar de xeito transversal durante o horario lectivo, e fóra do mesmo en colaboración coa familia e servizos externos. A mencionada adaptación do currículo revisarase periodicamente de xeito particular, e anualmente de forma xeral.

Emilio M. González Villamil

Mestre especialista Pedagogía Terapéutica